



A presenza feminina na Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) 2008-2021

Estudo realizado polas investigadoras Joana Magalhães e Vanessa Valdiglesias da
Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas (AMIT) - Nodo Galicia

Dedicado a Ángeles Alvariño


Índice

Resumo	3
1. Introducción	4
1.1. Descripción xeral	5
1.2. Composición do equipo académico da Real Academia Galega de Ciencias	6
2. Día da Ciencia en Galicia	
2.1. Día da Ciencia en Galicia	7
3. Premios e distincións	
3.1. Medallas de Investigación	10
3.2. Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo	14
3.3. Premios de Transferencia de Tecnoloxía de Galicia	16
3.4. Premio de Divulgación Científica	20
3.5. Premio de Xornalismo Científico Celia Brañas	21
3.6 Premio Universitario de Comunicación Científica “Contar a Ciencia - La Caixa”	23
4. Conclusións	25
5. Recomendacións	27
6. Referencias	29
7. Agradecementos	30
8. Como citar este traballo	31

Resumo

A pesar dos avances considerables en cuestións de igualdade de xénero desde a incorporación das mulleres á ciencia, as Reais Academias e organizacións científicas similares seguen mantendo unha infrarrepresentación feminina entre os seus membros. Estudar a brecha de xénero nas Reais Academias e en premios ou distincións que outorgan é fundamental para influír nas políticas científicas, establecer prioridades, crear conciencia e corrixir os desequilibrios de xénero. A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), fundada en 1977, incorporou ás primeiras mulleres científicas en 2014. A día de hoxe a RAGC conta cunha representación de Académicas inferior ao 20%, a cal non se corresponde coa presenza de científicas nas universidades e centros de investigación de Galicia. As Medallas de Investigación, de nomeamento indirecto, presentan un 80% de homes galardoados, e outros premios científicos outorgados pola RAGC, como os Premios Ernesto Viéitez Cortizo ou os Premios de Transferencia, presentan porcentaxes que van desde o 53% até o 100% de homes galardoados. De forma análoga, no que respecta ao recoñecemento da divulgación e xornalismo científico, obsérvase unha representación masculina nos galardoados desde o 43% ao 83%. En ambos os casos, hai unha tendencia de aumento na brecha de xénero, tanto nas candidaturas presentadas como en premios concedidos, a medida que se avanza na carreira coa consecuente repercusión económica e social do premio. Niso poden influír factores como: a falta de diversidade na composición de comités de selección, que pode favorecer a prevalencia de nesgos, conscientes ou inconscientes, a linguaxe sexista ou a invisibilidade de científicas, por exemplo no nome dos premios, xa que apenas 3 levan o nome de científicas ou nas 14 edicións do Día da Ciencia en Galicia, das cales apenas 2 dedicáronse a mulleres científicas. Este informe conclúe cunha serie de recomendacións que pretenden promover accións positivas co obxectivo de permitir un maior recoñecemento social das contribucións das mulleres científicas, fomentar unha imaxe máis inclusiva da RAGC e incentivar a presentación de mulleres candidatas nos distintos premios, tanto de forma individual como pola comunidade científica ou institucións que representan.

Premios e Galardóns RAGC



Nota: Na representación desta figura, para os premios con varias persoas autoras considérase o sexo da persoa autora principal.

1. Introducción

Os avances sociais en temática de xénero son innegables. A Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade efectiva de mulleres e homes, defende o principio de presenza ou composición equilibrada, coa que se trata de asegurar unha representación suficientemente significativa de ambos os sexos en órganos e cargos de responsabilidade, de forma que as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexan menos do corenta por cento. Distintos órganos constitucionais foron achegándose progresivamente a estas porcentaxes, atopándose a maioría deles actualmente dentro deste equilibrio (INE, 2021).

Con todo, nalgunhas institucións, como é o caso das Reais Academias e organizacións científicas similares, a infrarrepresentación feminina segue sendo unha constante entre os seus membros. Con apenas cambios desde que se constituíron e un 13,7% de mulleres de media actual entre as principais Reais Academias (INE, 2021), estes números están lonxe de cumprir esta lei e non reflicten ademais a realidade científica e investigadora na que nos atopamos, cun elevado número de mulleres, destacadas profesionais, en practicamente todas as ramas do coñecemento (She Figures, 2021). A Real Academia Galega de Ciencias, aínda que supera lixeiramente esta media cunha porcentaxe actual de académicas próximo ao 15%, está aínda moi lonxe da paridade.

A baixa presenza de mulleres nestas institucións, non só non se corresponde coa sociedade científica actual si non que repercute ademais nas actividades divulgativas organizadas por elas: premios, galardóns, actos conmemorativos, etc., que son propostos e seleccionados por unha ampla maioría de homes e que, con frecuencia, tenden a elixir, consciente ou inconscientemente, a outros homes para estes galardóns, perpetuando deste xeito a invisibilidade das científicas.

Estudar a brecha de xénero nos premios prestixiosos é por tanto fundamental para influír nas políticas, establecer prioridades, crear conciencia, corrixir os desequilibrios de xénero, mellorar as prácticas para seleccionar ás persoas premiadas e proporcionar estándares contra os cales verificar o progreso ou a falta destes na redución da brecha de xénero (Lokman, 2021).

A nivel do estado español, Lydia González Orta, da Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia e Innovación, realizou un estudo dos 37 principais premios académicos e científicos nacionais no período de 2009-2014, observando a ocorrencia de nescos de xénero e

mecanismos informais de poder. Este estudo puxo en valor un teito de cristal nos premios, marcado por unha sobrerrepresentación masculina que, ademais, acentúase a medida que aumenta a dotación económica dos premios científicos (elas supoñen unicamente o 7,14% no tres premios máis importantes), en cambio, nos premios académicos, cunha pequena ou mesmo nula dotación económica, hai unha presenza equilibrada de mulleres e homes entre as persoas galardoadas.

É neste contexto que a Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas de Galicia (AMIT-Gal), nodo galego da asociación AMIT, en colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) decide analizar a situación de xénero nos premios e galardóns promovidos pola RAGC e cuxos resultados para o período 2008-2021 recóllense no presente informe. O inicio deste período de análise (2008) está enmarcado na primeira celebración do Día da Ciencia en Galicia, aínda que a celebración do mesmo dedicada a unha muller é moi posterior (2015), así como a incorporación das primeiras mulleres como académicas (2014).

1.1. A Real Academia Galega de Ciencias

A historia da Real Academia Galega de Ciencias remítese ao ano 1973, cando D. Enrique Vidal Abascal, D. Isidro Parga Pondal, D. Luís Igrexas Igrexas, D. Domingo García Sabell, D. Antonio Fraguas e Fraguas e D. Eugenio Torre Enciso, procedentes da Real Academia Galega, asinan un escrito de solicitude de creación da Academia Galega das Ciencias. Esta fúndase por Real Decreto 1218/1977 do 23 de abril e constitúese en xullo de 1978, tanto con Académicos Promotores como con Académicos Fundadores, aqueloutros propostos por diferentes institucións.



			
Facultade de Ciencias	Facultade de Farmacia	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Delegación do C.S.I.C.
Ignacio Ribas Marqués	Jaime González Carreró	José Manuel Beiras Torrado	Aniceto Charro Árias
Francisco Bermejo Martínez	Benito Regueiro Varela	Jaime García-Lombardero y Viñas	Francisco Guitián Ojea
Eduardo García-Rodeja Fernández	Pablo Sanz Pedrero	Juán Ramón Quintás Seoane	Justo Rodríguez Martínez
Ernesto Vieitez Cortizo	Mª del Pilar Fernández Otero	Luis Suárez-Llanos Gómez	Jesús Méndez Sánchez

Figura 1. Académicos Fundadores da RAGC, segundo https://www.ragc.gal/gl/historia_gal/

A súa misión céntrase en promover a ciencia e a tecnoloxía, e a súa influencia na sociedade, difundindo a cultura e valores científicos, e xerando opinión desde a independencia, para contribuír ao desenvolvemento social e económico de Galicia.

1.2. Composición de equipo académico da RAGC

O primeiro equipo de goberno da RAGC, constituído en 1978, estivo formado por D. Enrique Vidal Abascal, como Presidente, D. Ernesto Viéitez Cortizo, como Vicepresidente, D. Juan Quintás Seoane, como Tesoureiro, D. Antonio Fraguas e Fraguas, como Bibliotecario e D. Jaime García Lombardero, como Secretario. A presidencia foi ocupada con posterioridade por D. Ernesto Viéitez Cortizo (1982-2013), D. Miguel Anxo Ríos Fernández (2013-2019) e D. Juan Manuel Lema Rodicio (2019-actualidade).

O ingreso gradual de novos Académicos e Académicas está establecido polos seus estatutos e realízase de forma anual. Desde a súa constitución até a actualidade, o número de membros alcanzou as 46 persoas (39 homes e 7 mulleres). As primeiras científicas en ingresar na RAGC corresponden ao campo da Bioloxía e Ciencias da Saúde, e datan do ano 2014. Na figura 2 podemos observar a porcentaxe actual de Académicas numerarias (14,7% vs. 85,3% homes) e correspondentes (16,7% vs. 83,3%).




Figura 2. Porcentaxe de mulleres e homes como Académicos numerarios (esquerda) e Correspondentes (dereita), segundo información dispoñible en <https://www.ragc.gal/gl/academicos-numerarios/#> y <https://www.ragc.gal/gl/academicos-correspondentes/>

No que se refire a áreas de coñecemento, a RAGC conta actualmente con 3 Académicas Numerarias en Bioloxía e Ciencias da Saúde (María José Alonso, 2014; Alicia Carolina Estévez Toranzo, 2014; Aída Fernández Ríos, 2015 (falecida o mesmo ano) e María Isabel Medina Méndez, 2021). A área de Matemáticas, Físicas e Ciencias da Computación conta con 1 Académica Numeraria (Minia Manteiga Outeiro, 2021) e a área de Química e Xeoloxía conta

con 1 Académica Numeraria (Pilar Bermejo Barreira, 2018). As áreas de Ciencias Económicas e Sociais, así como Ciencias Técnicas carecen de mulleres como Académicas Numerarias.

A presenza de mulleres como Académicas Correspondentes límitase á área de Ciencias Económicas e Sociais (Beatriz González López-Valcárcel). Dentro de “Outros Correspondentes” distínguese a Profa. Dra. María Pilar Fernández Otero.

Ademais de non atopar Académicas Correspondentes nas áreas de Matemáticas, Físicas e Ciencias da Computación, Bioloxía e Ciencias da Saúde, Química e Xeoloxía, e Ciencias Técnicas, noutras categorías como Académicos de Honra, Supernumerarios e Antigos Académicos, non hai na actualidade representación feminina.

Finalmente, entre as actividades que promove a RAGC para difundir a ciencia e a tecnoloxía na sociedade galega cabe destacar un dos ciclos de conferencias máis coñecidos da Academia, organizado en colaboración coa Deputación de Pontevedra, que leva por nome Aida Fernández Ríos¹ en honra á investigadora, oceanógrafa e académica da RAGC, falecida no 2015, ano do seu nomeamento. Este “ciclo de conferencias Aída Fernández Ríos” que se inaugura en 2020 e do que se celebraron xa dúas edicións, inclúe unha serie de conferencias de carácter divulgativo, con temática variada orientadas a un público xeral.

¹ https://es.wikipedia.org/wiki/Aida_Fernández_R%C3%ADos

2. Conmemoración do Día da Ciencia en Galicia

2.1. Día da Ciencia en Galicia

O ano 2006, na sesión plenaria celebrada o día 6 de Xullo, a RAGC institúe o “Día do Científico Galego”. Anualmente, na sesión plenaria, designarase unha galega ou galego ilustre que destaque pola súa contribución ao desenvolvemento da ciencia, ou a unha persoa non galega que realice en Galicia importantes contribucións no ámbito científico-técnico. A persoa así proposta proclamarase “Científico Galego do Ano”. Esta designación será celebrada durante todo o ano e renderáselle unha homenaxe pública en acto solemne.

A primeira celebración realizouse o ano 2008, coa atribución do “Día do Científico Galego” a Enrique Vidal Abascal, seguido de Isidro Parga Pondal (2009), Cruz Gallástegui Unamuno (2010), Ramón María Aller Ulloa (2011), Antonio Casares Rodríguez (2012), Benito Jerónimo Feijóo (2013) e Luís Igrexas Igrexas (2014) (Táboa 1).

No 2014, a 18 de decembro, o Pleno da RAGC, adoptou cambiar a denominación do “Día do Científico Galego” a “Día da Ciencia en Galicia”, para reflectir de forma máis directa o obxectivo da celebración, que segundo indica na súa páxina web, “non é outro que a promoción social da Ciencia en Galicia”. No ano posterior a esta modificación, atribúeselle o Día da Ciencia en Galicia a María Angéles Alvariño (2015), a única española que aparece na *Encyclopedia of World Scientists*², unha publicación na que se enumeran ás 1.000 científicas e científicos máis importantes de todos os tempos. Nesta obra só figuran tres persoas de nacionalidade española, os Premios Nobel Severo Ochoa, Ramón e Cajal e Angéles Alvariño.

Ese mesmo ano realízase unha nova modificación na celebración. A data inicial de celebración era o 23 de abril de cada ano natural, coincidindo co aniversario da creación da RAGC, e, trasládase ao 8 de outubro, no pleno do 29 de abril de 2015. Esta nova data conmemora o nacemento do Pai Benito Jerónimo Feijóo Montenegro, promotor da ciencia en Galicia.

Con posterioridade, o Día da Ciencia en Galicia atribúeselle a Ignacio Ribas Marqués (2016), Baltasar Merino Román (2017), Domingo Fontán Rodríguez (2018), Tomás Batuecas Marugán (2019) e Andrés Comerma (2020), até a edición actual, dedicada a Jimena Fernández

² [Encyclopedia of World Scientists](#), Elizabeth H. Oakes, Infobase Publishing, New York, 2001. Revised version 2007. pág.14-15.

de la Vega (2021) (Táboa 1), sendo a segunda muller designada en todo o tempo transcorrido desde a instauración do acto conmemorativo.

Táboa 1. Persoas ilustres distinguidas co Día do Científico Galego (2008-2014), posteriormente, Día da Ciencia en Galicia (2015-2021)

Año	Nombre	Áreas de la RAGC
2008	Enrique Vidal Abascal	Matemáticas, Física e Ciencias da Computación
2009	Isidro Parga Pondal	Química e Xeoloxía
2010	Cruz Gallástegui Unamuno	Bioloxía e Ciencias da Saúde, Ciencias Técnicas (Agronomía)
2011	Ramón María Aller Ulloa	Matemáticas, Física e Ciencias da Computación
2012	Antonio Casares Rodríguez	Química e Xeoloxía
2013	Benito Jerónimo Feijoo	-
2014	Luis Iglesias Iglesias	Bioloxía e Ciencias da Saúde
2015	María de los Ángeles Alvariño	Bioloxía e Ciencias da Saúde
2016	Ignacio Ribas Marqués	Bioloxía e Ciencias da Saúde
2017	Baltasar Merino Román	Bioloxía e Ciencias da Saúde
2018	Domingo Fontán Rodríguez	Matemáticas, Física e Ciencias da Computación
2019	Tomás Batuecas Marugán	Química e Xeoloxía; Matemáticas, Física e Ciencias da Computación
2020	Andrés Comerma	Ciencias Técnicas (Enxeñería Naval)
2021	Jimena Fernández de la Vega	Bioloxía e Ciencias da Saúde (Especialidade: Xenética Médica)

A designación da persoa ilustre acórdase anualmente en sesión plenaria³, estando constituído este Pleno por todos os Académicos e Académicas de Número, incluíndo ao Presidente e ao Secretario da Academia que farán as veces de Presidente e Secretario tamén do pleno. A porcentaxe actual da presenza de científicas seleccionadas é dun 14,3% (Figura 3)

³ <https://web.archive.org/web/20180805203050/https://www.ragc.gal/gl/gl/actividades/dia-da-ciencia-en-galicia>

e pertencen exclusivamente á área de Bioloxía e Ciencia da Saúde, que se corresponde tamén coa área con máis representación na celebración desta efeméride.

Día da Ciencia en Galicia




Figura 3. Porcentaxe de homes e mulleres designados para o Día do Científico Galego (2008-2014), posteriormente, Día da Ciencia en Galicia (2014-2021).

3. Premios e distincións

3.1. Medallas de Investigación

As “Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias” son un galardón convocado anualmente, desde 2019, pola Academia que busca recoñecer a científicos ou científicas en activo, con traxectorias singulares na ciencia e a tecnoloxía da nosa comunidade, isto é, con actividade consolidada e desenvolvida maioritariamente en Galicia.

Hai cinco categorías diferentes, que se corresponden co cinco áreas definidas pola RAGC, que inclúen a Medalla “Angéles Alvares González”, para o ámbito da Bioloxía e as Ciencias da Saúde, a Medalla “Isidro Parga Pondal”, para o ámbito das Ciencias Técnicas, a Medalla “Antonio Casares Rodríguez”, para o ámbito da Química e a Xeoloxía, a Medalla “Domingo García-Sabell Rivas”, para o ámbito das Ciencias Económicas e Sociais, e a Medalla “Enrique Vidal Abascal”, para o ámbito das Matemáticas, Física e Ciencias da Computación.

As solicitudes neste caso, deben ser propostas por profesorado (polo menos 10 persoas) ou por departamentos, institutos e/ou centros de investigación, de forma individual ou avaladas

conxuntamente por máis dunha entidade. De non existir propostas suficientes, a RAGC podería en calquera caso propor candidaturas. A elección final da persoa galardoada corresponde á Xunta de Goberno da RAGC.

Segundo o establecido nas bases destes galardóns, cada sección da RAGC seleccionará até tres candidaturas á Medalla. Este comité de selección está, por tanto, formado por un 86% homes e 14% mulleres, atendendo ao número dos Académicos e as Académicas numerarios da RAGC; habendo seccións, en particular, Ciencias Económicas e Sociais e Ciencias Técnicas, que non contan con representación feminina algunha e outras, como a sección Matemáticas, Física, e Ciencias da Computación, que incorporou á súa única Académica en 2020, polo que tampouco contaba con mulleres cando se fallaron as primeiras Medallas en 2019. A figura 4 recolle a composición dos comités de selección atendendo ao número de mulleres e homes que os forman.

Composición dos comités de selección




Figura 4. Porcentaxe de homes e mulleres que forman parte dos Comités de Selección das Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias.

3.1.1. Candidaturas: Datos por categorías

Das candidaturas presentadas para optar ás Medallas de Investigación no seu tres anos de historia (2019-2021), un 62% correspondían a candidaturas masculinas fronte a un 38% de candidaturas femininas. A seguinte figura (Figura 5) reflicte a porcentaxe de candidaturas presentadas ás Medallas de Investigación da RAGC distribuído por categorías. As categorías

de Bioloxía e Ciencias da Saúde, Ciencias Técnicas, e Química e Xeoloxía, resultaron as máis igualitarias cunhas porcentaxes de candidatas do 56%, 50%, e 57%, respectivamente. Pola contra, a sección de Matemáticas, Física, e Ciencias da Computación só contou cun 25% de candidaturas femininas e ningunha delas conseguiu finalmente o galardón. Aínda máis rechamante é a sección de Ciencias Económicas e Sociais, que tivo unicamente candidaturas masculinas en todas as convocatorias celebradas.




Figura 5. Porcentaxe de homes e mulleres presentados como acodes candidatas ás Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias (2019-2021).

Por outra banda, aínda que a porcentaxe de candidaturas femininas presentadas foi sempre inferior que a de candidatos homes, o número de candidatas foise incrementando progresivamente (mesmo se duplicou en 2021 respecto de 2019, pasando de 3 a 6 mulleres candidatas).

3.1.2. Medallas concedidas

Nos tres anos de historia das Medallas de Investigación un total de 3 mulleres (20%) e 12 homes (80%) foron galardoados (Táboa 2).

Táboa 2. Medallas de Investigación atribuídas pola Real Academia Galega de Ciencias segundo áreas científicas correspondentes e relación de persoas galardoadas por ano e centro de investigación ao que están adscritas

Medallas de Investigación	Disciplina	Persoas Galardonadas, Ano, Centro Investigación Adscrito
M. Ángeles Alvariño González	Bioloxía e Cc. da Saúde	Carmen Álvarez Lorenzo, 2021, USC Luis Miguel Botana, 2020, USC Carlos Dieguez, 2019, CIMUS, USC
M. Domingo García Sabell Rivas	Cc. Económicas e Sociais	Carlos Hervés Beloso, 2021, USC Jose Sabucedo, 2020, USC Xabier Lavandeira, 2019, UVigo
M. Enrique Vidal Abascal	Matemáticas, Física e Cc. Computación	Manuel Eulogio Ladra González, 2021, USC Carlos Salgado, 2020, USC-IGFAE Alfredo Bermúdez, 2019, USC
M. Antonio Casares	Química e Xeoloxía	María Antonia Señarís Rodríguez, 2021, UDC Jesus Simal, 2020, UVigo Jose Luis Mascareñas, 2019, USC
M. Isidro Parga Pondal	Cc. Técnicas	Luis Castedo Rivas, 2021, UDC Xosé Ramón Novoa, 2020, UVigo Maite Moreira, 2019, USC

Especialmente rechamante é o caso das categorías de Ciencias Económicas e Sociais (Medalla “Domingo García-Sabell Rivas”) e Matemáticas, Física e Ciencias da Computación (Medalla “Enrique Vidal Abascal”) onde ningunha muller foi recoñecida en ningún caso neste tres edicións. Atendendo ao ano dos galardóns, tamén na convocatoria do 2020 o cinco Medallas das diferentes categorías foron todas para investigadores homes.

Tamén é de destacar a asimetría no número de persoas galardoadas correspondentes á Universidade de Santiago de Compostela (67% vs. 41,7% de persoas candidatas da institución correspondente), fronte á Universidade da Coruña (20% vs. 27,8% de persoas candidatas da institución correspondente) e a Universidade de Vigo (13,3% vs. 27,8% de persoas candidatas da institución correspondente). Ademais, no tres edicións celebradas soamente o 2,7% das candidaturas corresponden a “Outras Institucións”.

3.2. Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo

A Academia convoca de forma anual dúas modalidades de Premios de Investigación, denominados desde o ano 2014 Premios Ernesto Viéitez Cortizo (EVC) en honra ao que fose o seu presidente durante os anos 1982-2013. Por unha banda o Premio ao Traballo de Investigación realizado por persoas investigadoras en etapas sénior (en diante Premios Sénior), actualmente dotado con 6.000€, que está dirixido a persoal investigador xa consolidado, mentres que o Premio para a Promoción de Persoas Investigadoras Mozas (en diante Premios Nova), dotado na actualidade con 2.000€, busca premiar traballos de investigación realizados por investigadores ou investigadoras menores de 30 anos, co fin de incentivar as súas carreiras científicas.


As solicitudes son presentadas directamente por quen desexen optar aos Premios e sométense a unha avaliación cega por un xurado de sete persoas membros, cinco das cales pertencen a cada unha das seccións da RAGC, e presidido polo Presidente da RAGC, ou a persoa na que delegue.

3.2.1. Candidaturas presentadas

Desde o ano 2013, un total de 121 e 93 traballos de investigación foron presentados a estes Premios na categoría Sénior e Nova, respectivamente. Nestes anos, o 57% de quen se presentaron á modalidade Sénior e o 51% na modalidade Nova eran homes (Figura 11). Ademais, en canto á autoría dos traballos presentados obsérvase tamén unha lixeira preeminencia masculina que supón un 59% na categoría Sénior e un 58% na categoría Nova.

O número de solicitudes presentadas na categoría Sénior mantívose relativamente constante desde o 2015 até a actualidade, coa excepción do ano 2020, en que o número de solicitudes cuadriplicouse, cunha distribución por sexo de 41% mulleres e 59% homes. Na categoría Nova, o número de traballos presentado en cada edición é moi variado, aínda que se observa tamén un pico no ano 2020 cunha distribución por sexo de 52% mulleres e 47% homes.

Premio Investigación Nova



Premio Investigación Sénior




Figura 11. Porcentaxe de homes e mulleres solicitantes e co-autoras dos traballos presentados aos Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo (2013-2021).

Si temos en conta a porcentaxe de solicitudes presentadas en cada unha das categorías (Sénior e Moza) por institución, obtemos a seguinte relación: 49,5% e 51,6% respectivamente provenientes da USC; 21,5% e 20,9% da UDC; 14% e 16,5% da UVigo e 15% e 11% doutras Institucións (inclúe afiliación a SERGAS, Universidades de fóra de Galicia, a nivel nacional ou estranxeiras).

3.2.2. Galardóns

O premio EVC, concedido desde o ano 2013, recoñeceu o traballo de tres investigadoras Sénior (2020, 2016 e 2015) (vs. 8 homes) e cinco investigadoras Sénior recibiron mencións honoríficas (2019, 2016 e 2013) (vs. 3 homes) (Táboa 3). No caso da categoría Nova, 3

investigadoras (2021, 2017 e 2016) foron premiadas (vs. 6 homes) e 1 recibiu mención honorífica (vs. 3 homes) (Táboa 3).

Táboa 3. Relación de Persoas Premiadas e Mencións Honoríficas dos Premios EVC, categorías Sénior e Nova concedidos pola RAGC (2013-2021)

Ano	Categoría	Persoas Premiadas	Mencións honoríficas
2021	Sénior	Alberto Pedrouzo, Juan Ramón Troncoso, Nicolás Gama, Mariya Georgieva e Fernando Pérez González	Javier Dubert, Fatima Hussain, Martin F. Polz, Frédérique Le Roux
	Nova	Sandra Robla, Maruthi Prasanna, Rubén Varela, Cyrille Grandjean e Noemí Csaba	Víctor Santos, Beatriz Magariños, Ricardo Starbird, Javier Suárez, José Bruno, Carmen Álvarez e Carlos Alberto García
2020	Sénior	Diana Guallar e Alejandro Fuentes	Jesús Balado
	Nova	Raúl Santoveña	Esteban Suarez
2019	Sénior	Santiago Pereira	Maria Celeiro e Maria Llompарт
	Nova	Juan Cuñarro	Xabier García
2018	Sénior	Alejandro Sánchez	-
	Nova	Adrián Pérez	-
2017	Sénior	Juan Bermúdez	-
	Nova	María Ayemrich	-
2016	Sénior	Mónica Carrera	Alberto Cabada e Lorena Saavedra
	Nova	Silvia Barja	Jessica Rodríguez
2015	Sénior	Blanca Laffon	-
	Nova	Miguel Ramos	-
2014	Sénior	José Castillo	-
	Nova	Iago Bea	-
2013 (Ex Aequo)	Sénior	Manuel Martín e Ricardo Riguera	Maria Corredoira e Ana Vieitez
	Nova	Fernando Fernández	-

3.3. Premios de Transferencia de Tecnoloxía de Galicia

Os Premios de Transferencia de Tecnoloxía concédense anualmente en colaboración coa Axencia Galega de Innovación (GAIN), da Xunta de Galicia, para recoñecer os casos de éxito de transferencia de coñecemento en Galicia e a súa difusión entre a cidadanía. Os premios destínanse ao persoal investigador e ás empresas na súa faceta máis aplicada e de transferencia do coñecemento.

Os Premios distinguen tres categorías: a) Premio “Francisco Guitián Ojea” ao labor de investigación aplicada, dotado con 6.000 €, para recoñecer a creación, por parte dun grupo de investigación, dunha tecnoloxía aínda non transferida e da que se derivan claras aplicacións para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia; b) Premio “Fernando Calvet Prats” a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía promovido por un grupo de investigación, dotado con 6.000 €, froito da colaboración cunha empresa. O premio é para o grupo de investigación que creou a tecnoloxía transferida. É válido calquera mecanismo de transferencia do grupo á empresa (adquisición de patente, proxecto conxunto, escisión, etc.); e c) Premio “Ricardo Bescansa Martínez” a un caso de éxito empresarial pola implantación de tecnoloxía transferida, dotado con 6.000 €, froito da colaboración cun grupo de investigación galego. O premio é para a empresa que implementou con éxito a tecnoloxía transferida. É válido calquera mecanismo de transferencia do grupo á empresa.

No premio “Francisco Guitián Ojea”, ademais do traballo de investigación, valórase a presentación de indicadores potenciais da calidade do traballo (índices de impacto, citas recibidas, etc.). Ademais do proxecto, valórase nas fichas dos Premios “Ricardo Bescansa Martínez” e “Fernando Calvet Ojea”, a presentación de constancia do éxito da cesión (contratos de cesión, patentes, pago de regalías, vendas, impacto en facturación, etc.).

Os premios “Francisco Guitián Ojea” e “Fernando Calvet Prats” están abertos a todo o persoal adscrito aos centros de investigación situados en Galicia, incluídos os centros tecnolóxicos e ao premio “Ricardo Bescansa Martínez” poden optar aquelas empresas galegas ou con centros de traballo radicados en Galicia.

O xurado está presidido polo Presidente da RAGC ou a persoa en quen delegue e seis membros máis: dous propostos por GAIN, dous propostos pola RAGC, un proposto polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e un proposto pola Confederación de Empresarios de Galicia. A secretaría corresponde a un dos membros propostos pola RAGC. Para que a súa constitución sexa válida, o xurado debe constituírse, polo menos, con cinco dos seus membros.

3.4.1. Candidaturas presentadas

As seguintes figuras correspóndense ao período do 2018 ao 2021, período no cal se dispón de datos. En relación á categoría a) Premio “Francisco Guitián Ojea” ao labor de investigación aplicada, obsérvase unha maior porcentaxe de traballos liderados por un

investigador home (65% vs. 35% muller), así como a prevalencia masculina na autoría dos traballos presentados (60% vs. 40%) (Figura 12).




Figura 12. Porcentaxe de homes e mulleres autores/as principais e totais dos traballos presentados aos Premios de Transferencia na categoría Premio Francisco Guitián Ojea ao labor de investigación aplicada (2018-2021).

Unha relación similar observouse para a categoría b) Premio “Fernando Calvet Prats” a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía promovido por un grupo de investigación, con 58% homes vs. 42% mulleres no total de persoas autoras (Figura 13).




Figura 13. Porcentaxe de homes e mulleres, de academia e de empresa, nos traballos presentados aos Premios de Transferencia na categoría Premio “Fernando Calvet Prats”, ao mellor caso de éxito empresarial de transferencia de tecnoloxía promovido por un grupo de investigación (2018-2021).

No que respecta á categoría c) Premio “Ricardo Bescansa Martínez” a un caso de éxito empresarial pola implantación de tecnoloxía transferida, obsérvase unha participación do 87,5% de candidaturas presentadas por homes fronte ao 12,5% de mulleres (Figura 14) solicitantes en representación dunha empresa. Si temos en conta o total de persoas autoras (incluíndo persoas colaboradoras adscritas a un centro académico) resultaron 67% de homes fronte ao 33% de mulleres autoras.




Figura 14. Porcentaxe de homes e mulleres nas candidaturas aos Premios de Transferencia, categoría Premio Ricardo Bescansa Martínez (2018-2021).

3.4.2. Galardóns

Na seguinte táboa (Táboa 4) inclúese a relación das persoas premiadas no tres categorías dos Premios de Transferencia. Considerando o sexo da persoa con autoría principal na categoría a) Premio “Francisco Guitián”, temos 4 homes e 3 mulleres galardoadas; na categoría b) Premio “Fernando Calvet Prats”, desde o 2018, 3 homes e 1 muller; e na categoría c) Premio “Ricardo Bescansa Martínez”, tamén desde o 2018, 2 homes.

Táboa 4. Relación de Persoas Premiadas nas tres categorías dos Premios de Transferencia (2015-2021) concedidos pola RAGC

Ano	Persoas Premiadas
Premio "Francisco Guitián Ojea" a un traballo de investigación aplicada	
2021	Manuel Luis Lemos Ramos, Carlos Jiménez González, Miguel Balado Dacosta, Katherine Valderrama Pereira, Antón Vila Sanjurjo, Diego Rey Varela e Jaime Rodríguez González
2020	María D. Mayan
2019	María Teresa Flores Arias
2018	Francisco Rivadulla e Victor Leborán
2017	José Manuel Magide Ameijide, Hiram Varela Rodríguez
2016	Ana María Otero Casal
2015	José Antonio Castillo Sánchez
Premio "Fernando Calvet Prats" a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía dun grupo de investigación	
2021	Pío Manuel González Fernández, Julia Serra Rodríguez e Stefano Chiussi
2020	Francisco Javier Otero Espinar
2019	Ana Belén Moldes
2018	INSITU
2017	HGBeyond Materials Science S.L.
2016	EVASA
2015	Qubitech, Health Intelligence, S.L.
Premio "Ricardo Bescansa Martínez" a un caso de éxito de implantación de tecnoloxía transferida a empresas	
2021	Deserto
2020	Reyleble
2019	ALÉN SPACE, S.L.
2018	Deserto
2017	BorgWarner Emissions Systems Spain S.L.
2016	REGANOSA
2015	-

3.4. Premio RAGC de Divulgación científica

O “Premio RAGC de divulgación científica” pretende recoñecer a traxectoria dunha persoa ou un programa orientado á difusión ou divulgación da ciencia en Galicia, e a súa primeira edición tivo lugar en 2021.

A RAGC establece que as candidaturas sexan propostas polas Académicas e Académicos da RAGC, sendo a Xunta de Goberno da RAGC a responsable da elección.

Nesta primeira edición, tres académicos propuxeron a catro homes candidatos, dos cales resultou premiado Ramón Núñez Centella.

3.5. Premio de Xornalismo Científico Celia Brañas

O Premio de Xornalismo Científico Celia Brañas creouse para estimular e recoñecer as actividades de comunicación de ciencia e tecnoloxía entre as e os profesionais do xornalismo dos medios de comunicación galegos. Estes premios creáronse no ano 2016 en colaboración con GAIN, da Xunta de Galicia.

O traballo consiste nunha peza xornalística informativa en formato escrito ou audiovisual, editada ou emitida en calquera medio galego (ou edición galega dun medio estatal): prensa dixital ou en papel, radio ou televisión. O tema principal pode ser calquera aspecto relacionado coa ciencia que se desenvolva en Galicia. A dotación do premio consiste en 3.000 €, acompañado dun diploma (no caso dun equipo entrégase un diploma a cada un dos seus integrantes). Outórgase un segundo premio de 1.000 € como accésit, polo segundo traballo mellor valorado e un diploma.

Pode optar a este premio calquera xornalista a título individual ou equipo que desenvolva a súa actividade nos medios de comunicación galegos ou nas edicións dos medios estatais en Galicia.

O xurado presídeo a Secretaría da RAGC e catro membros, dous designados por GAIN e outros dous designados pola RAGC, entre os que haberá profesionais de recoñecido prestixio relacionados cos campos da comunicación e a divulgación científica.

3.5.1. Candidaturas

Nos Premios de Xornalismo Científico Celia Brañas as mulleres representan o 53,33% do total de candidaturas fronte ao 46,67% de homes (Figura 15). Estes premios permiten que as persoas candidatas presenten varios traballos, no que se observa unha porcentaxe aproximada entre mulleres e homes (48% vs. 52%).




Figura 15. Porcentaxe de homes e mulleres nas candidaturas dos Premios de Xornalismo Científico Celia Brañas e en traballos presentados (2016-2021).

A Prensa (ambos os formatos, escrita e dixital) foi o formato predominante (69,47%), seguida da Televisión (23,16%), Outros (4,21% - Diario Dixital Universitario) e Radio (3,16%). Con todo, cabe destacar que os traballos televisivos presentados realizáronse unicamente no 2016, 2017 e 2021.

3.5.2. Galardóns

Desde a súa creación até a actualidade, todos os premiados foron homes, coa excepción do ano 2019, co premio atribuído á xornalista Silvia Rodríguez e o accésit á xornalista Selina Otero, concedido no ano 2020 (Táboa 5).

Táboa 5. Relación de Persoas Premiadas e medio onde se publicou ou emitiu o traballo gañador no Premio de Xornalismo (2016-2021) atribuído pola RAGC

Ano	Persoa Premiada	Accésit
2021	Alberto Quian, El Salto	Manuel Cruz, CRTVG
2020	Xavier Fonseca Blanco, La Voz de Galicia	Selina Otero Verdes, Faro de Vigo
2019	Silvia Rodríguez Pontevedra, El País	-
2018	Manuel Vicente García, Radio Galega	-
2017	Manuel Rey Pan, GCiencia	-
2016	Raúl Romar García, La Voz de Galicia	-

3.6. Premio Universitario de Comunicación Científica “Contar a Ciencia”

O Premio Universitario “La Caixa” de Comunicación Científica, coa lema “Contar a ciencia”, ten como principais obxectivos fomentar a creación de traballos de xornalismo científico entre futuras persoas profesionais da comunicación e dar a coñecer a investigación científica universitaria que leva a cabo en Galicia.

A convocatoria está aberta ao alumnado das facultades de Ciencias da Comunicación da USC, Ciencias Sociais e da Comunicación de UVigo e Ciencias da Comunicación da UDC, que poden presentar o seu traballo de forma individual ou como grupo constituído por un máximo de dúas persoas. Tamén podían participar quen estivesen en posesión dunha licenciatura (título anterior ao EEES) en Ciencias da Comunicación obtida en calquera das tres universidades galegas no curso anterior ao da convocatoria.

Este premio consiste nunha preselección por profesionais de GCiencia das propostas que máis destaquen polo interese e orixinalidade do tema, calidade expositiva e valor xornalístico. Posteriormente as propostas seleccionadas serán traballadas individualmente ou en grupo e publicadas no portal de noticias galego.

Nunha segunda fase, un xurado, presidido polo presidente da RAGC, e composto por representantes do Ministerio de Educación, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), 'La Caixa', o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, GCiencia, así como por un investigador ou investigadora de Galicia, de recoñecido prestixio, seleccionará unha persoa gañadora e dúas persoas finalistas. Na decisión do premio, o xurado terá en conta os criterios establecidos anteriormente na fase de preselección de propostas, así como o alcance e impacto logrado nas redes sociais. O premio ten unha dotación económica (con variacións en diferentes edicións, de 400-700€) e diferentes dispositivos electrónicos.

A relación de propostas que pasaron a fase de preselección foron: 2019 - 14 propostas; 2018 - 12 propostas; 2017 - 12 propostas⁴; 2016 - 9 propostas finalistas: Ariadna Cordal (UVigo), Sara Pérez Seijo (USC), Daniel Viña (USC), María Ruiz-Falcó (UVigo), Cora Diz (UVigo), Jonatan Toucedo (UVigo), Anxo Vizoso (USC), Alba Martín (UVigo) e Silvia Troncoso (UVigo); 2015 - 13 propostas finalistas: Alberto Paz Calo (UVigo); Carlos Rei (USC); Paula Santos Barbeito (UDC); Raquel Pérez (USC); Alejandro Gándara (USC); Sabela González

⁴ No se disponen de datos desagregados por sexo.

(USC); Pablo Vázquez Varela (UVigo); Alba María Rego (UVigo); Umá de Oliveira (UVigo); Yago Rodríguez (UVigo); Xiana Meda (USC); Anxos Precado (USC); Yago Grela Ojea (USC); 2014 - 6 propostas finalistas, Lida Dosel Tajés (UVigo); Sabela González (USC); Carlos Rei Estévez (USC); Sara Pérez Seijo (USC); Andrea Oca Domínguez (USC); Andrea Espiñeira Forcada (USC).⁵

Na seguinte táboa (Táboa 6) indícanse as persoas premiadas e os accésits outorgados, nas que en 4 das 6 edicións recibiron o primeiro premio as mulleres, ben como estas representan a maioría dos accésits outorgados (7 mulleres vs. 3 homes). De notar que o alumnado da Universidade da Coruña non recibiu até o momento ningún premio (aínda que segundo os datos obtidos, apenas 1 traballo proveniente desta institución chegou a finalista).

Táboa 6. Relación de Persoas Premiadas no Premio Universitario de Comunicación Científica “Contar la Ciencia” (2014-2019)⁶

Ano	Persoa Premiada	Accésit
2019	Marta Otero Mayan, USC	Andrea Varela e Miriam Alvarez, UVigo / Alba Tomé Sueiro, USC
2018	Íñigo Caínzos, USC	Paula Martínez Graña / Yago Grela, ambos USC
2017	Claudia Alonso, UVigo	Iago Souto y María Isabel Villamarín, ND
2016	Ariadna Cordal, UVigo	Sara Pérez Seijo, USC
2015	David Fontán e André Vicente, USC	Andrea Oca, USC / Sara Varela e Miguel Grandío, UVigo
2014	Lidia Dosel Tajés, UVigo	-

⁵ Segundo <https://www.gciencia.com/premio-comunicacion-cientifica/contar-a-ciencia/>

⁶ Información do Portal GCIencia: <https://www.gciencia.com/fotonautas/as-imaxes-da-entrega-do-premio-contar-a-ciencia/>; <https://www.gciencia.com/premio-comunicacion-cientifica/contar-a-ciencia-5/ragc-entrega-contar-ciencia-la-caixa/>; <https://www.gciencia.com/cg17/premio-contar-ciencia-foi-para-claudia-alonso/>; <https://www.gciencia.com/premio-comunicacion-cientifica/unha-reportaxe-sobre-autismo-gana-o-iii-premio-contar-a-ciencia/>; <https://www.gciencia.com/premio-comunicacion-cientifica/contar-a-ciencia-2/david-fontan-e-andre-vicente-ganan-o-ii-premio-universitario-la-caixa-de-comunicacion-cientifica/>; <https://www.gciencia.com/ciencia/lidia-dosil-gana-gciencia/>

4. Conclusións

Como principais conclusións desta primeira análise sobre a presenza feminina na RAGC e nos diferentes premios e distincións outorgadas por esta Real Academia, podemos sinalar:

- A entrada de mulleres como membros da RAGC foi tardía e na actualidade non supera o 20%. Esta reducida presenza feminina non se corresponde coa presenza de científicas nas universidades e centros de investigación de Galicia.

- A distribución de Académicas polas distintas áreas da RAGC é desigual e só 3 das 5 áreas contan con mulleres entre os seus membros.

- Esta infrarrepresentación feminina e a súa distribución heteroxénea trasládase á composición dos distintos órganos de decisión; Pleno, comités de selección de premios e distincións, etc. O cal pode favorecer a prevalencia de nesgos de xénero, conscientes ou inconscientes, nas súas decisións.

- As Medallas de Investigación, con nomeamento indirecto, isto é persoas nomeadas por entidades ou a propia Academia, contaron nas súas tres edicións cun 62% de candidaturas masculinas fronte ao 38% de candidaturas femininas; sendo finalmente galardoados un 80% de homes fronte ao 20% de mulleres.

- No Premio EVC, no que as candidaturas son postuladas polas propias persoas autoras e a elección do traballo galardoado faise mantendo o seu anonimato, a brecha de xénero diminúe nas candidaturas (Sénior 57% homes vs. 41% mulleres e Júnior 51% homes vs. 49% mulleres) aínda que segue habendo maioría masculina. En canto aos galardóns, aínda que a avaliación é cega, mantense a mesma tendencia que nas Medallas de Investigación, cun 73% de homes premiados fronte ao 27% de mulleres na categoría Sénior e un 67% de homes fronte ao 33% de mulleres na categoría Nova.

- No que respecta aos Premios de Transferencia, as dúas categorías dirixidas a grupos de investigación contan con porcentaxes aproximadas ao 60% de candidatos masculinos como principais solicitantes e número total de persoas autoras. No caso da terceira categoría, dirixida a empresas, o número de solicitudes presentadas por homes aumenta (87,5%). Isto reflíctese finalmente na porcentaxe de premios concedidos por xénero; de maneira que a porcentaxe de homes segundo categoría é: a) 57%, b) 75% e c) 100%.

- No que respecta á promoción do valor social dos investigadores e investigadoras, desde a súa creación até a actualidade, soamente dúas mulleres foron destacadas pola RAGC para o Día da Ciencia en Galicia, María Angéles Alvaríño (2015) e Jimena Fernández de la Vega (2021), ambas na área de Bioloxía e Ciencias da Saúde, sendo esta a área máis destacada nesta celebración (6 persoas ilustres).

- O 2021 marca a creación do Premio á Divulgación, tamén destacando nel unha figura masculina e ningunha candidata feminina.

- A RAGC concede tamén outros dous Premios á Creación Xornalística de Ciencia, tanto aos seus profesionais sénior como fomentando novos talentos, nos que en ambos se observa unha maior participación feminina, con todo, a maioría das persoas galardoadas sénior foron homes (83%), mentres que nas categorías novas, hai unha maior porcentaxe de premiadas (57%).

- Si temos en conta os resultados mencionados, vemos que hai unha tendencia de aumento na brecha de xénero, tanto nas candidaturas presentadas como en premios concedidos, a medida que se avanza na carreira investigadora coa consecuente repercusión económica e social do premio.

- Finalmente cabe destacar unha maior presenza nas candidaturas e nos galardóns e premios concedidos ao persoal investigador adscrito á USC, seguido da UDC e da UVigo; así como unha escasa presenza doutras institucións ou centros de investigación como o CSIC, SERGAS ou Institutos de Investigación Biomédica en Galicia.

5. Recomendacións

A RAGC é o organismo do cal cabe esperar unha representación fidedigna do ámbito da ciencia e investigación en Galicia, de quen fan ciencia nas diferentes disciplinas ou áreas e das súas institucións científicas; así como o fomento de valores como a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na Ciencia. A súa composición actual dá unha imaxe nescgada da comunidade científica en xeral e da galega en particular na cal as mulleres alcanzaron altísimos niveis no seu labor científico.

Por outra banda, unha institución na que a presenza de mulleres é case marxinal non axuda a incrementar, senón máis ben o contrario, o interese das nenas e mozas pola ciencia, xa que llas priva de referentes femininos e reforza os estereotipos e roles de xénero sobre a ciencia e a tecnoloxía, fortemente arraigados na sociedade.

A presenza maioritaria de Académicos na súa composición, a falta de diversidade, favorece a prevalencia de nescgos, conscientes ou inconscientes, que van condicionar o seu labor de fomento da actividade científica, o asesoramento a institucións públicas e privadas; así como a difusión do coñecemento científico á sociedade.

Aínda que a tendencia nos últimos anos parece dirixida a corrixir este desequilibrio de xénero na RAGC, o cambio está a ser demasiado lento. A baixa presenza feminina entre as persoas premiadas segue sendo evidente, e en absoluto representativa da calidade do seu labor científico actual. Cabe promover a concesión dos distintos premios e galardóns máis representativos das contribucións de mulleres e homes á ciencia, a investigación e a innovación.

Doutra banda, o Día da Ciencia en Galicia é actualmente a efeméride por excelencia para o recoñecemento social das achegas científicas de persoas relevantes da nosa historia. Por tanto, é a ocasión máis valiosa da cal se dispón para crear referentes e mellorar a imaxe pública e social das mulleres na ciencia.

Con base no informe actual e diferentes estudos, desde AMIT-Gal recoméndase:

- Unha presenza equilibrada entre homes e mulleres nos xurados, seguindo os preceptos da Lei Orgánica 3/2007 de Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes e a Lei Anxéles Alvariño aprobada recentemente polo Parlamento de Galicia;

- Levar a cabo accións positivas para incrementar o número de Académicas especialmente nas áreas máis masculinizadas;

- Promover activamente o nomeamento de mulleres científicas nas Medallas de Investigación, tanto por Académicos e Académicas como por personalidades externas (até 10 persoas);

- Incluír o asesoramento de institucións externas con formación en perspectiva de xénero como a Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, AMIT-Gal, etc., para garantir unha cota mínima de candidatas en cada área;

- Uso de linguaxe e imaxes inclusivas (non sexista) en bases e publicidade dos premios;

- Maior transparencia de todos os Premios a través da publicación da composición de cada xurado;

- Publicación anual anonimizada de número de aspirantes desagregado por sexo;

- Promover máis mulleres a quen dedicar o Día da Ciencia en Galicia, xa que isto permitirá un maior recoñecemento social das súas contribucións, dará unha imaxe máis inclusiva da RAGC e pode servir para que máis mulleres preséntense como candidatas nos distintos premios.

6. Referencias

- González Orta, Lydia. (2015) Las mujeres en los premios científicos en España (2009-2014). Unidad de Mujeres y Ciencia. Secretaría de Estado de I+D+i. https://www.amit.es/sites/default/files/pdf/publicaciones/mujeres%20premios%20cientificos_2015.pdf
- Lokman I. Meho; The gender gap in highly prestigious international research awards, 2001–2020. *Quantitative Science Studies* 2021; 2 (3): 976–989. doi: https://doi.org/10.1162/qss_a_00148
- European Commission, Directorate-General for Research and Innovation, *She figures 2021: tracking progress on the path towards gender equality in research and innovation*, Publications Office, 2021, <https://data.europa.eu/doi/10.2777/602295>
- Informe Mujeres y hombres en España. Instituto Nacional de Estadística (INE), 2021. ISSN 2255-0402.
- Estatutos de la RAGC. En <https://www.ragc.gal/estatutos/>, última consulta a 9 de xaneiro de 2021
- Páxina web da RAGC, <https://www.ragc.gal/gl/home/>, última consulta a 9 de xaneiro de 2021
- <https://www.gciencia.com/premio-comunicacion-cientifica/contar-a-ciencia/>
- <https://www.gciencia.com/fotonautas/as-imaxes-da-entrega-do-premio-contar-a-ciencia/>
- <https://www.gciencia.com/premio-comunicacion-cientifica/contar-a-ciencia-5/ragc-entrega-contar-ciencia-la-caixa/>
- <https://www.gciencia.com/cg17/premio-contar-ciencia-foi-para-claudia-alonso/>
- <https://www.gciencia.com/premio-comunicacion-cientifica/unha-reportaxe-sobre-autismo-gana-o-iii-premio-contar-a-ciencia/>
- <https://www.gciencia.com/premio-comunicacion-cientifica/contar-a-ciencia-2/david-fontan-e-andre-vicente-ganan-o-ii-premio-universitario-la-caixa-de-comunicacion-cientifica/>
- <https://www.gciencia.com/ciencia/lidia-dosil-gana-gciencia/>

7. Agradecementos

As autoras deste informe agradecen a Ana Jesús López e María Carreiro, Presidenta e Vice-Presidenta de AMIT-Gal, respectivamente, e a Nieves Freire, da Secretaría da RAGC.

8. Como citar este traballo

Magalhães J, Valdiglesias V. (2022) A presenza feminina na Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) 2008-2021. Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas (AMIT) - Nodo de Galicia. DOI: 10.5281/zenodo.5942243